

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XLI
Nº 1051
De agosto a
setembro de 2023
Benia quen constrúe
a paz!

XLV Romaxe galega de crenes

9 de setembro

Brión

Sororidade e Terra



nesta terra
na nosa terra
na terra enteira

A foto que fala

Mexillón cebra, cangrexo americano, velutinas... e mosquito tigre. O telón de grelos pide a berros unha rehabilitación.



O trasno

Daniel López Muñoz

Falemos do “cambio cultural”

Fálase de guerra cultural e de cambio cultural. Falemos en serio.

O verdadeiro cambio cultural é a liquidación da alteridade (dos outros/as, do común) como horizonte de realización, de felicidade, de vida. É a fin do *Nós* arrasado polo *Eu*. É un individualismo silandeiro, renarte, un “chute” de capitalismo liberal en vea, que cambia consciencias e elimina utopías comunitarias. Unha poderosa (contra)relixión: a adoración do ego; e o que veña atrás, que apande. Todo, iso si, ilustrado e branqueado nunha colosal e omnipresente autoaxuda, autorealización, autocoidado, dos novos *influencers* e das novas *gurús*.

Contamina todo. As consciencias e os mares, a educación e os acuíferos. Ten varias metáforas: a das *toallitas húmidas*, por exemplo, esas que nas zonas turísticas, na intimidade do W.C., do “eu-libre-sen-control”, se guindan polo inodoro abaixo, colapsan as depuradoras e provocan o envelenamento das ameixas que comen os turistas.

Contamina todo. Cando se usa a palabra “liberdade” para defender que cada quen faga o que queira en tempos de pandemia. Cando con iso

se gañan votos e adhesións. Cando a “soberanía do Eu” son unhas cañas rebeldes fronte a un ben común. Cando se traslada todo iso en “principios educativos” para os “infantes” que en realidade son xa raíñas e emperadores que aplican coherentemente nas súas contornas o criterio básico da educación politicamente correcta, a que o neoliberalismo consumista necesita e prefire: *“My pleasure first”* (isto é: *O meu antollo manda, e bosta para mundo!*).

Contamina todo. Non hai tránsito sen semáforos nin democracia sen regras nin vida sen límites. Pero co cambio cultural podes declararte “constitucionalista” e poñerte perrenchudo e non aceptar, por exemplo, que a constitución di que forma goberno o que consegue maiores apoios parlamentarios. E pasas a *modo Trump*, cuestionando a lexitimidade de todo o que non che conveña. A nena, o meniño ben educados tamén se amolan cando perden. Ah! Pero

se son, en cambio, “fillos do cambio cultural” danlle un golpe ao taboleiro do parchís, embarcan o balón catro leiras máis aló e collen unha perrenchita ultra-radical que só amaina se decontado se cambian as regras para que o infante non se “frustre”. Sempre os houbo, si. Agora son norma.

Contamina todo. E se houboese espazo, veríamos a conexión co do cambio climático. Ese que se nega ou ignora mentres a economía do luxo e do desbalde funcione a todo meter.

Pois iso. Contra a cultura neoliberal, contracultura. A da sororidade, sen irmos máis lonxe.



Unha romaxe para nomear, sementar e alentar a sororidade

A Asociación Irimia apostou este ano por convocarnos á Romaxe galega de crentes invocando e promovendo esa idea-forza (“Sororidade e Terra”), que para moitas e moitos é xa coñecida –e practicada– e que empeza a resultar familiar para unha maioría.

Practicar a sororidade, aínda que non se saiba que se está practicando, é o do que realmente se trata. Descubriro, darlle sentido e celebralo, tamén. Porque a sororidade demóstrase andando, nunha maneira de actuar, en accións ben concretas, nunha irmandade entre mulleres e tamén de mulleres con homes. Porque a sororidade é inclusiva e ten que ser contaxiosa: sermos irmás e irmáns. E desde a vivencia crente, celebrar a igualdade, a mesma dignidade de fillas e fillos de Deus convocadas a esa utopía dun reinado de xustiza e paz en igualdade e diversidade.

O termo vén do latín *soro*, que significa irmá. A romaxe homenaxea mulleres que se encarnaron na nosa terra, desde abaixo, desde o corazón mesmo do noso territorio, coa xente máis humilde, creando complicidades, apoios e comunidade, de muller a muller, e desde aí, dando unha enorme aperta igualitaria a todos e todas. Non usaron fogos de artifício nin técnicas de mercadotecnia, pero alí onde estiveron inxectaron unha dose de sociedade alternativa, de fe, de coidados, de escoita, de sororidade. Falamos das comunidades de relixiosas que optaron no último cuarto do pasado século por integrarse e facerse parte das aldeas de Galicia en comunidades pequenas, cooperando no concreto da vida, axudando a facer un país mellor e máis solidario.

Tamén se trae á Romaxe a voz de mulleres de agora mesmo que, na Galicia menos urbana, recuperan o orgullo das pequenas cousas, da produción a "escala familiar", con alianzas que apuntan a unha sociedade e a unha economía sustentable e coidadora das contornas e das vidas. Por algo estaremos en Brión, onde hai apoio público a iniciativas que nacen de abaixo, recuperando saberes e sabores, revalorizando e prestixiando o que as mulleres levan séculos facendo nas súas casas de aldea, organizando, facendo rede, gañando autoestima, voz e poder que iguala.

Celebrar e alentar a sororidade vai diso. Relacionármonos desde a igualdade, recoñecer a valía de quen nos acompaña, fomentar os coidados, valorar o que a sociedade patriarcal nunca valorou.

Recuperar o orgullo das pequenas cousas, alianzas que apuntan a unha sociedade e a unha economía sustentable e coidadora

Carlos Vázquez G.

A mentira, arma de manipulación masiva

Se algo evidenciou a recente campaña electoral, foi o uso descarado e mesmo insolente da mentira como instrumento de propaganda. A mentira normalizouse en todas as súas formas e variantes: a falsidade, o engano, a insidia, a media verdade ou a terxiversación, intencionada e tecnicamente calculada, evacuada dende as cúpulas e asesorías partidarias. Sen complexos nin escrúpulos, falseáronse datos e relatos nos argumentarios oficiais e oficiosos dos partidos, que divulgaron e branquearon moitos medios de comunicación, mercenarios dos poderes fácticos. Semella que aterrou aquí a mentira maquillada, que se deu en chamar masivamente “posverdade” tras a crise global do 2008, con evidentes resultados “positivos”, por exemplo, no Brexit ou nas eleccións americanas que outorgaron a vitoria a Donald Trump. Ventouno xa Josef K. nos albores do século XX: “A mentira convértese na orde universal”.

Máis aló —ou, se cadra, máis acó— de consideracións éticas que nunca deberan eludirse, a mentira ou “posverdade” converteuse nunha “arma de manipulación masiva” que a plutocracia e a cleptocracia empregan a fondo para embridar ou desviar o curso natural das democracias que, de seu, levarían a impor lexítima e pacificamente os intereses obxectivos e as aspiracións económicas, políticas, culturais, igualitarias e éticas das maiorías sociais. Porque, na medida en que a democracia se desenvolva e se estenda, a explotación dos seres humanos, o privilexio, a desigualdade, a violencia e alienación dos individuos decaerían. Velaí como a mentira ou “posverdade” devén en arma de manipulación masiva para destruír a democracia a través da corrupción da democracia mesma, mediante a alienación dos individuos e das colectividade, inducidas á con-



fusión entre a realidade e a mera formalidade do exercicio democrático.

As pasadas eleccións xerais mostraron a eficacia desta arma de manipulación masiva, pero tamén deixaron ver que na sociedade española sobrevive unha notable capacidade de resistencia democrática. De feito, habería que estudar e coñecer polo miúdo até que punto a entrega escandalosa de Feijóo á estratexia da mentira e da “posverdade” foi un factor decisivo na creba das súas expectativas electorais.

Con todo, non debemos desdixar nin, moito menos, botar a perder esta capacidade de resistencia á estratexia da mentira, caendo na tentación reaccionaria do sectarismo ou da quimera “do todo ou nada”. A tremenda forza da manipulación masiva segue aí e, en consecuencia, a unidade, a lucidez da nosa reflexión individual e colectiva, a vontade política de afondar na democracia son imprescindibles e perentorias para que a mentira non se “converta na orde universal”, como albiscou Josef K.

**A mentira
normalizouse
en todas as súas
formas e variantes,
sen complexos nin
escrúpulos**

As encrucilladas do PSdeG

Fernando González Laxe e **Emilio Pérez Touriño**, ademais de seren economistas e de que os dous chegaron á presidencia da Xunta, comparten o singular récord de que foron máis dunha vez candidatos do **PSdeG** nunhas eleccións galegas. Laxe, dúas veces (1985 e 1989), e Touriño, tres, (2001, 2005 e 2009). Desde a vitoria de **Feijoo** en 2009, os socialistas galegos presentaron un candidato diferente en cada convocatoria. Para os próximos comicios mesmo poden superar a súa marca: empezaron no 2020 co liderado de **Gonzalo Caballero**, cambiaron a **Valentín González Formoso** a metade de legislatura e é moi probable que ao final o candidato acabe sendo **Xosé Ramón Gómez Besteiro**. O 17 de setembro está previsto que celebren as súas primarias. Se cadra, cando leas esta columna xa sabes o resultado, se o candidato é González Formoso, Besteiro ou a sorpresa maiúscula de ver de novo a Gonzalo Caballero ao fronte das listas.

Pero sexa quen sexa o elixido, o novo proceso electoral galego preséntase moi complicado para o PSdeG. Xa temos falado nesta *vaquiña polo que vale* da dificultade que ten para articular un proxecto, unha alternativa galega. Unha eiva que compensaba con moi bos resultados na política local e máis que notables nas convocatorias ao Congreso. Pero as cousas xa non son exactamente así. O PSdeG chega á próxima campaña despois de que o **23X** perdera tres deputados con relación ao 2019 e, o que é peor, baixando en número de votos, o 1,8 %, mentres que subía en España, un 3,5 %. Pero é que se as eleccións xerais foron malas, as municipais non foron mellores. Os socialistas galegos perderon unha

Aceptarán o PSdeG ser o socio menor dunha coalición presidida por Ana Pontón?

ducia de alcaldes, entre eles os de Santiago e Ferrol, moitas maiorías absolutas (Vilagarcía, Culleredo, Tui, Betanzos...), a deputación de Pontevedra, moitos concelleiros e moitos votos. A suba do BNG e os gobernos de coalición cos nacionalistas impediron novas alcaldías conservadoras.

Neste momento non sabemos cando os galegos iremos votar o noso Parlamento. Se será ao final do ano, coincidindo cunha hipotética repetición das eleccións xerais, ou en xuño do ano que vén, coincidindo coas europeas, ou se **Alfonso Rueda** espreme a legislatura ata o seu final natural e se convocan no mes de xullo do 2024. En todo caso, son apenas uns meses para dar a coñecer o candidato, pacificar a lea interna que se pode montar e articular unha alternativa ao goberno conservador. Unha alternativa que, inevitablemente, ten que incluír como vai ser a relación cos nacionalistas do BNG, mesmo con Sumar, se entran no Pazo do Hórreo. E aquí xorde a dúbida principal...: aceptarán o PSdeG ser o socio menor dunha coalición presidida por **Ana Pontón**?



Foto: <https://www.psdeg-psoe.com/>

O peto do Santo Antón

Con Alexandre Bóveda e Arximiro Rico Trabada




Benqueridos Santo Antón:

Perdoa que che escriba estas liñas de xeito un chisco improvisado. Emporiso non quero deixar de compartir contigo dúas cousiñas para min moi importantes, que levo moito no corazón. Refírome á vida de dous homes senlleiros, Alexandre Bóveda (1903-1936) e Arximiro Rico Trabada (1905-1937). Son dous santos da miña particular devoción. Seguro que os coñecerás ben porque compartirán con vosoutros o recoñecemento e a gloria de todas as persoas que morreron por fidelidade a unha maneira de vivir servidora e considerada coa xente máis necesitada.

Cando che chegue este escrito, será o 17 de agosto, xusto o día no que o primeiro, Alexandre Bóveda, foi fusilado na Caeira, Pontevedra, naquel terrible 1936. Home decididamente cristián, político honesto, apaixonado por Galicia, cunha humanidade fonda envolvendo o seu corpo cativo e o seu espírito enorme, de palabra viva e de acción resolutive... Lembrámolo todos en dramático debuxo de Castela, abatido no chan, envolto no propio sangue vertido por todos, acompañado daquelas palabras proféticas: *A derradeira lección do mestre*. Que el vos conte, querido Santo Antón, que el vos conte. Sempre vin nel, en forma e fondo, un humilde e precioso arremedo do que foi a vida e morte do noso Señor Xesús Cristo.

O outro, o segundo, é Arximiro Rico Trabada, un mestre do sensacional colectivo de mestres dos tempos da República que se empeñaron en lle dar á xente o que a xente daquela máis precisaba, que era o saber, o saberse, e o dicir, o dicirse a si mesmos e o diciren a propia condición dunha infancia e mocidade tan precisada do pan da mesa e do pan da cultura. Tamén el, home bo, inocente e digno, intelixente e entregado en corpo e alma ao ensino e á dignificación da cativerada aldeá, morreu fusilado o 1



de setembro do 1937, despois de ser brutalmente escarnecido.

Disque non debemos remexer nestas historias do pasado. Coido que cómpre remexelas porque son figuras que nunca oficialmente recibiron o máis mínimo recoñecemento, o máis mínimo xesto de pedir perdón por parte de quen acabou con eles.

E porque son espellos nos que nos ollar, santiños da humanidade e de Deus a quen imitar. Ou que che parece, querido Santo Antón, que che parece?

Apertas para ti e para eles.

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



O peto común


Josecho de la Torre Culler

ConSciencia de Sonia Villapol



TRIMIA

Un fantástico traballo asoma polas librarías, *ConSciencia*, libro da Dra. Sonia Villapol Salgado, neurocientífica e profesora galega que actualmente reside en Houston. Non pasa desapercibido escoitar o nome da autora; retrotráenos aos artigos publicados no tempo pandémico, abríndolle a porta á ciencia nun tempo inédito e de toma de decisións complexas. As investigacións desta galega, orixinaria do pobo de Bretoña, no concello de A Pastoriza, foron publicadas en infinidade de revistas científicas internacionais, xunto con capítulos de libros académicos, análise dos xenomas do coronavirus, da fisiopatoloxía da Covid, a vacinación e, aqueles que máis recordamos, sobre estudos da Covid persistente. *ConSciencia* é un libro que recolle toda esa divulgación, facendo un repaso ao que foi a pandemia da COVID-19, desde que falamos dela aló por decembro de 2019 ata a época pospandémica na que vivimos. Seguindo esta cronoloxía e en linguaxe sinxela, analízase cada elemento amosando os erros e acertos tomados para defenderse contra o virus, pero tamén “*achegando rigor e credibilidade científica, dunha maneira obxectiva e corroborada coa evidencia*”. Segundo reza na súa web, Sonia vive en Houston, tras pasar anteriormente por lugares como Barcelona, París, Maryland ou Washington D.C.



Nas súas visitas a Galicia, non deixa de dar charlas, conceder entrevistas, visitar centros de estudos e, este verán, percorrer librerías presentando *ConSciencia*, un libro en galego, publicado por Xerais. O amor ás súas orixes ponse de manifesto nas súas manifestacións. É por isto que o Paseo dos Soños de Vilalba dedicou en 2022 o XVI Hectómetro Literario á súa figura, xunto a outros coñecidos como Pepe Chao, Alfonso Blanco, Mini e Mero, Helena Villar e Xesús Rábade, Manuel María, Margarida Ledo ou Xulio Xiz.

Rumores de esperanza


Xan Guillén Vázquez

Sombra e libros. É un plan estupendo para o verán. O lugar, a cervexa e o tipo de libro son variables. Nas vacacións eu busco iso. De feito, estou escribindo isto na miña sombra, ao carón do meu libro e sen cervexa porque aínda é cedo.

Lin moitos libros e algún deles pagou moito a pena. Especialmente dous.

O primeiro titúlase *Virtudes e misterios*, de Xesús Fraga. O autor conta a historia da súa familia. A vida de emigrante en Londres da súa avoa Virtudes e a historia do seu avó en Venezuela. Como eran galegos en Londres e ingleses aquí. É a épica dos nosos e dos de agora. Non é estraño que levára o premio nacional de literatura.

Outro libro foi *Una educación*, de Tara Westover. Tamén conta a súa historia. Naceu no seo dunha familia mormona ortodoxa, no ambiente máis profundo dos EEUU. Alí medrou sen acudir a ningún colexio e case sen recibir educación formal. O libro supón unha reflexión sobre a educación que realmente importa, a da casa. A superación da autora de todos os seus prexuízos foi dura.



Non sei cando lin que os libros que pagan a pena son aqueles que se len igual ca beben as galiñas. Les un pouco e logo levantas a cabeza. Estes dous son así.

Vémonos na Romaxe. Arde Rumbóia!

Os **CÍRCULOS DO SILENCIO** son un movemento non violento de solidariedade coas persoas migrantes, que denuncia a vulneración dos dereitos das persoas migrantes e refuxiadas. Está aberto á participación de persoas de xeito individual e tamén a entidades afíns a esta causa. Apareceron en Toulouse a finais do ano 2007, dende onde se estenderon por diversas cidades europeas. En Galicia reúnen en Santiago, na Coruña (todos os primeiros xoves de mes, ás 20.00 h, na praza de Pontevedra), en Pontevedra e en Vigo.



Falando de **BILLARDA**..., este xogo popular, considerado oficialmente como deporte, vai gañando sona e participantes. A forma de xogar varía segundo a zona xeográfica, mais a Liga Nacional de Billarda (LNB) unificou as normas relativas ao desenvolvemento do xogo, a formación dos equipos ou a puntuación. Orixinaria da Idade Media, a estornela ou billarda consiste en darlle cun pao (varal, panca, palán...) a outro máis pequeno (billarda ou estornela), elevalo no aire e guindalo canto máis lonxe sexa posible.



Este verán rebordaron os festivais por todos os recunchos do país. Entre os moitos deles, celebrouse o **FESTIVAL 27373** de Begonte, organizado pola Asociación Castiñeiro Milenario, que vai xa pola 11.ª edición. Á beira do río, en pequeno formato, con música galega diversa, sesión vermú, aberto de billarda e campionato de cimbrón. Local, participado e dimensionado.



A cambadesa **PAULIÑA** ten publicados xa tres álbums: *De-Xeneración*, *A Malfalada* e *Testemuñas*, varios *singles* e EP e diversas colaboracións con outras bandas e músicas. Mesmo debutou no cinema en *O home e o can*. A súa música, mestura de distintos ritmos (rock, blues, folk e country) percorre Galicia (e outros lugares fóra dela) cunhas actuacións en directo que zumegan forza e vitalidade.





APATRIGAL é a Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego. Naceu no ano 2016, co fin de defender o patrimonio galego, concienciar as autoridades e a cidadanía na obriga de manter, conservar e mellorar a herdanza recibida e transmitírllela nas mellores condicións ás xeracións futuras. Ten tres áreas de traballo: Formas do territorio, Historia da arte galega e Patrimonio inmaterial. Ten moita presenza nas redes sociais.

LOGALIZA

(logaliza.estreleira.gal) é un xogo en liña que promove o coñecemento das comarcas galegas. En cada xogo, aparece un lugar que é preciso localizar na comarca á que pertence, con catro posibles tentativas, que nos van guiando sobre o lonxe ou preto que imos da que é a resposta axeitada. Outros xogos en liña interesantes son o WORDLE-GALEGO e o PENSATERMOS, cos que temos que compor palabras.



ANTONIO REY SOTO foi un *influencer* adiantado ao seu tempo e o autor da primeira longametraxe documental galega: *Un viaje a través de Galicia y Asturias*. Crego, poeta, cineasta e amigo de certos praceres, dedicou cinco horas de metraje á vida galega e asturiana, que despois amosou por distintos países de América. A súa historia, que inclúe a compilación de 30 000 libros galegos do século XVII ao XIX, a súa amizade con Castelao e moitas peripecias, foi recollida por Manolo González nunha obra da editorial Alvarellos (*O benshi de Galicia. O arrebatado cinematográfico de Rey Soto*).



Ata o vindeiro 30 de setembro poderase visitar no Vello Cárcere de Lugo a exposición “A intimidade da imaxe. Galicia 1975-1979”, de **ANNA TURBAU**, unha das fotógrafas máis relevantes da actualidade. En cen fotografías, Turbau percorre a transición en Galicia a través de distintos personaxes e dos sucesos máis destacados deses anos (construción da AP-9, manifestacións do naval). As súas fotografías poden consultarse no Consello da Cultura Galega.

Sororidade e terra



Este ano a romaxe está dedicada á **sororidade**, un concepto que nace no feminismo e que se refire ás alianzas entre mulleres (*sisterhood* ou *sorority*). A sororidade é un termo recente, aínda pouco conceptualizado, que empezou a desenvolver a antropóloga mexicana Marcela Lagarde na segunda onda do feminismo (1960-1980). É novo o termo, pero a súa práctica é ben antiga, pois podémola documentar historicamente nunha práctica de

Ser quen de construír alianzas que nos beneficien a todas, no pequeno, coa fragilidade das nosas vidas

alianzas continuada polas mulleres de todos os tempos desde os lugares do non poder, para resistir e mellorar a súa contorna. Marcea Lagarde definiuna como “amizade entre mulleres diferentes e pares, cómplices que se propoñen traballar, crear e convencer, que se atopan e recoñecen no feminismo, para vivir a vida cun sentido fondamente libertario”.

Na década dos 90, en América do Norte, na terceira onda do feminismo, a sororidade fixo nacer os discursos da interseccionalidade, incluíndo as

alianzas económicas e políticas entre mulleres por riba das diferentes clases, razas etc. Hai unhas características que enmarcan a sororidade, que subxacen nela e que a distinguen doutras formas de solidariedade.

A primeira é a afirmación persoal da precariedade. Sabemos que non temos todas as respostas, que non hai perfección no humano, que todo pode ser ou non ser... e asumímolo como parte da finitude que nos caracteriza. Na sororidade non hai heroes nin líderes carismáticos. Cada quen pon o seu grao de area na construción do precario, unha precariedade que, entre todas, se converte en fortaleza e nos fai quen de mellorar a contorna na que habitamos.

As alianzas sororas nacen en espazos desprovistos de poder. As persoas que se alían en sororidade (non necesariamente mulleres) saben que non teñen o poder, nin pretenden telo. Son alianzas á marxe das lóxicas de dominación patriarcal. Cando as mulleres feministas falamos de empoderamento, estámonos a referir a ser quen de desenvolver esta capacidade de tomar as rendas das nosas vidas, das nosas historias, á marxe das políticas de dominación. Esta é unha característica propia das alianzas feministas

e que vemos moi claro, por exemplo, nas beguinas: grupos de mulleres que na Idade Media viven á marxe das institucións sociais e relixiosas, fóra das estruturas de dominación. Na sororidade cada persoa é dona de si, ten obxectivos comúns con outras e vive para poñelos en práctica no mundo, facendo posible unha outra lóxica de cambio desde o colectivo.

Na sororidade subxace logo unha idea de liberdade diferente: a liberdade relacional. Así o explicita Milagros Rivera Garretas¹: “A modernidade e a posmodernidade esforzáronse moito por inculcarnos unha idea masculina de liberdade: a liberdade individual ou individualista, liberdade que no mundo se mide en termos de progreso ininterrompido, de expansión sen límites. A sororidade cobra sentido na liberdade relacional premoderna, unha liberdade non individualista”. Nela, os logros e conquistas son colectivas, comunitarias, e fanse en función do ben común. A sororidade é quen de facernos saír do nicho do eu para atoparse e recoñecerse na outra por riba de calquera diferenza social, económica, cultural...

1 - María-Milagros Rivera Garretas, *Signos de libertad femenina. (En diálogo con la historia y la política masculinas)*, Biblioteca Virtual de Investigación Duoda (BviD), 2012.



Deixando en suspenso as políticas de dominación, a sororidade ten tamén unha lectura global, planetaria, ecofeminista, que prima a sustentabilidade, non a explotación dos recursos.

O patriarcado sementa a desconfianza entre nós, mesmo a guerra. A sororidade pon en suspenso as desconfianzas, as contraposicións, e é quen de celebrar que todos somos humanos, sen bandos de discordia. Cando na Primeira Guerra mundial, o 24 e decembro de 1914, na fronte occidental os soldados alemáns e británicos saíron das súas trincheiras e deixaron de disparar espontaneamente, desoíndo as consignas que os enfrontaban, foron

quen de establecer sororidade. Por un momento, deixaron en suspenso as rivalidades que terceiras persoas establecían entre eles para recoñecerse como irmáns, fillos dun Deus que nos ama, e celebraron o Nadal. Algo máis fondo ca eles, máis poderoso, impelíalles deixar as armas e cantar panxoliñas. Por un momento, nesas trincheiras a orde patriarcal quedou en suspenso e a sororidade abrollou.

As feministas somos conscientes de que na mitoloxía, na relixión, se reforza teimudamente a oposición entre mulleres. A patriarcal mitoloxía grega píntanos tres mulleres competindo por ver quen é a máis bela. É un home,

IRIMIA Irimia en Lila/Romaxe 2023

Sororidade e terra

Paris, quen dita sentenza. A non conformidade co seu veredicto dá lugar á nai de toda as guerras no mundo antigo, nada menos que á guerra de Troia. Na tradición cristiá, o prototipo desta inimidade témola na oposición que se establece entre Eva e a serpe no edén (“cando ela che pique un pé ti esmagaraslle a cabeza”) e despois entre Eva e María. Reconstruír as relacións de sororidade entre Eva e María é o que pretenden as monxas trapenses da Abadía da Nosa Señora de Mississipi, en Dubuque, Iowa na estampa *Irmá, eu si te creo*. (<https://monasterycandy.com/collections/religious-goods>)

A sororidade ofrece deixar a un lado as diferenzas e facer pactos entre nós. Aínda que as nosas vidas sexan diferentes, as nosas crenzas distintas, as nosas orixes sociais diversas, temos que ser quen de construír alianzas que nos beneficien a todas, no pequeno, coa fragilidade das nosas vidas, porque non somos o centro do universo, non somos o embigo do mundo: sabémonos parte dunha historia, dunha sociedade, dun planeta, que ten que seguir cando nos esteamos, que ten que quedar mellor para as que veñan atrás.

Ten unha lectura
global, planetaria,
ecofeminista,
que prima a
sustentabilidade
sobre a
explotación dos
recursos

Como chegar á Romaxe?

Este ano é moi fácil chegar ao lugar de celebración da Romaxe, a carballeira de Santa Minia, que está á beira da Casa do Concello e da capela-santuário, en Brión.

A mellor forma de ir é pola AG-56, que é o corredor de Santiago a Noia, e, no km 10, saír e tomar a estrada AC-451, en dirección a Brión, Pedrouzos. A carballeira atópase a menos dun quilómetro. Alí haberá sinais para o aparcadoiro.

Para participar na celebración, é conveniente levar o folleto da Romaxe que chega con este número da revista *Irimia*.



NO ANIVERSARIO DO TEU FUSILAMENTO (A Alexandre Bóveda, político e cristián manifesto, fusilado na Caeira, Pontevedra, o 17 de agosto do 1936)



Foi fusilado Alexandre
nun 17 traidor.

Alí onde balas selaron
drama amargo de exclusión.

Querían facer calar
o entusiasmo da paixón.

Terra e xente, pobo, Deus
Galicia no corazón.

E o corazón cara ao mundo,
ronsel de liberación.

Novo calvario, novo Cristo,
en bágoas de redención.

Onde a inocencia padece,
padece e salva o Señor.

Lumieira para ver
as cousas con outra cor.

Vítima que amosa vítimas,
que inzan ao noso redor.

A historia co rito acedo
de quen abusa e trae dor.

Que mata e converte o sangue
en grans de sementador.

Na Caeira de Alexandre
alentos dun soñador.

Manolo Regal

Silvia Ayang (“Afropoderosa”): “No mundo dos influencers son unha ninguén porque son a única rapaza negra. É un mundo moi racista e moi superficial”



No ano 2021 entrevistamos a Silvia e puidemos coñecer os avatares da súa vida entre Guinea e España. Daquela comentáranos que experimentara a “importancia da axuda mutua para saír adiante”. A súa historia tecida de xestos de irmandade aberta prolóngase hoxe coa publicación do libro España no es sólo blanca. Falamos con ela, na súa casa de Xuño (Porto do Son), do libro e de cousas concretas, como as dificultades para obter a residencia, despois de levar trece anos vivindo entre nós, e o interese por divulgar a cultura afro e contala na voz dos seus protagonistas. Sirva isto de esforzo para colocármonos nos ollos do outro, para comprender que son moitos os relatos posibles dunha mesma historia.

Desde que che fixemos unha entrevista no ano 2021 ata a actualidade, como evolucionou a túa situación administrativa (“os papeis”) para conseguir a residencia permanente en España?

Actualmente dispoño do carné de residencia de 2 anos con permiso de traballo por conta allea. Requírense 5 anos de residencia autorizada para que che concedan a permanente. É dicir, o primeiro permiso de residencia é dun ano, o segundo e o terceiro son de dous anos e o cuarto é o da residencia permanente con dereito a solicitar a nacionalidade. Dixen “dereito a solicitar”, que non significa que cha vaian conceder decontado. Poden pasar moitos anos. Teño amigas que xa levan 10 anos de espera.

Pois logo, a pregunta seguinte ten que ser esta: que recursos puides utilizar, tanto privados coma públicos, para poder regularizar a túa situación e para sobrevivir durante todo este tempo?

Teño a sorte de vivir coa miña nai de acollida, que é a que me fixo un contrato de traballo como empregada

doméstica. Dese xeito puiden solicitar a residencia; doutra maneira érame imposible. É moi complicado que unha empresa te contrate estando en situación irregular en España. Mesmo sendo de aquí, non é tan fácil obter un contrato de traballo por dous anos. A meirande parte da oferta laboral é de contratos temporais que non se admiten a efectos da regularización. Para sobrevivir teño o apoio da miña nai de acollida e dalgúns traballos que vou facendo, como charlas en institutos, conferencias e colaboracións con asociacións e empresas.

Que opinas da política de inmigración que temos en España?

A política migratoria española vulnera moito os dereitos das persoas migrantes e concretamente migrantes africanos. Non é o mesmo ser senegalés que alemán. No meu caso, son de Guinea Ecuatorial e a pesar de que o meu país foi colonia española ata o ano 1968, para os guineanos énos moi difícil regularizarnos en España porque os requisitos son case imposibles, se non tes unha persoa española que te apoie. Un exemplo diso é o meu fillo de 6 anos, nacido en España. Aínda



está nunha situación irregular porque, segundo as leis españolas, os fillos de inmigrantes nados en España non son españois, se non da nacionalidade de seus pais.

Publicaches un libro neste ano titulado España non é só branca. Podes dicirnos por que, como e para que o escribiches?

Si, por fin puiden cumprir un dos meus soños. Foi un gran logro porque é algo que sempre arelei. Tiven a sorte de que o grupo editorial Penguin Random House se puxese en contacto comigo porque lles pareceron interesantes os contidos que eu transmitía a través das redes sociais; daquela pedíronme pasalos a formato libro divulgativo. Aceptei a proposta. Na miña época de instituto encantárame ler un libro onde se contaban historias de persoas afrodescendentes que foran parte da historia de España. O certo é que sobran textos que só falan da escravitude coma un gran logro para os españois que foron “evanxelizarse e civilizar os negros salvaxes de África”. Creo que é importante ler e escoitar a historia escrita e contada desde diferentes ángulos e non só desde o dos

europeos. Os africanos tamén temos moito que dicir sobre o noso pasado e presente. Os relatos únicos son moi perigosos. O meu libro abre un debate sobre o que nos contaron e o que nos seguen contando. Dou a coñecer outras persoas e personaxes aos que a historia española ten soterrados. Eles están mortos, pero as súas vidas tamén son dignas de seren recordadas.

Ademais do coidado do teu fillo e das tarefas domésticas que debes realizar pola natureza do teu contrato de traballo, a que outras actividades te dedicas?

Son creadora de contidos en redes sociais, principalmente TikTok e Instagram. As miñas redes sociais son un punto de inflexión onde non só conto as miñas experiencias como inmigrante, senón que tamén rescato datos históricos, fago divulgación sobre culturas africanas, sobre todo a miña e denuncio o racismo, machismos, homofobia e transfobia. Dou conferencias sobre os dereitos humanos, diversidade e inclusión, charlas nos institutos sobre os prexuízos raciais e anti-bullying. Por exemplo, no Colexio da Compañía de María, da Coruña; no IES Fernando Esquíó, en Neda; no CPI Doctor López Suárez, en Friol, ou no IES Rafael Dieste, en Rianxo. Estiven tamén no festival intercultural de Vilaboa, no Ateneo da Coruña, na sede da casa Seat de Barcelona, coa axencia Last Minute, no desfile do Orgullo en Madrid, en xornadas sobre dereitos humanos en La Laguna, Tenerife...; foi importante tamén a miña nominación para os premios TikTok sobre diversidade e inclusión. Nestes momentos ando a presentar o libro en diversas cidades de España.

Como se pode contactar contigo no caso de que alguén teña interese en coñecer a túa experiencia?

Calquera persoa que queira contactar comigo pódoo facer a través das miñas redes sociais:

Instagram: afropoderosa

Tik Tok: afropoderosa

Tamén no meu correo electrónico: afropoderosa@gmail.com

**Os relatos únicos son perigosos.
Con este libro puiden cumprir un dos meus soños**

Ler para camiñar

La casa herida

Horst Kruger

En 1961 Hannah Arendt asistiu ao xuízo contra o nazi Adolf Eichmann. O fiscal retratouno como un monstro ao servizo dun réxime criminal. Para a filósofa era un ser humano absolutamente normal. Teriamos feito o mesmo na mesma situación? O mal pode ser obra de xente corrente que se deixa levar pola ideoloxía dominante. Despreocupados das consecuencias dos seus actos. Disposta a cumprir as ordes. E a calar.

Esas persoas que non cuestionan nada non se poden perdoar, di. Son cómplices culpables. “Onde está a xente boa cando pasan cousas malas?”, preguntaba G. Orwell. Aquel nazismo, e todos os fascismos, ensinan que cando ocorren cousas moi malas, a maioría de nós, cala. E co silencio multiplicamos o mal.

Só catro anos máis tarde, en 1965, o novelista Horst Kruger, asistiu aos xuízos de Auschwitz, en Frankfurt. No centenario do nacemento do escritor, reeditouse a súa novela *La casa herida*, fundamental nas letras alemás das posguerra. Estremecedor documento histórico sobre o pasado nazi que non se pode esquecer. E perfecta radiografía duns alemáns inocuos que nunca foron nazis, pero sen eles os nazis nunca terían feito o seu traballo.

O libro remove as consciencias. Un pouco de luz fronte á pasividade cómplice diante da ideoloxía inhumana de Hitler. Nunha sociedade nin a favor nin en contra, o apoliticismo alimenta a besta cando o horror se disfrazo do cotiá. Cando non quere ver nin oír nin vulgar. Refuxiados na comodidade da obediencia calada e das rutinas.

A maioría dos nazis era xente normal. Amaban con tenrura os fillos. Cantaban xuntos panxoliñas diante da árbore de Nadal. E, nunha intimidade cargada de bos sentimentos, intercam-

biaban agasallos. Vida cotiá parede con parede coa traxedia. Cegas formigas que se negaban a ver. Alemaña nazi ou a casa ferida.

Nos xuízos de Auschwitz desfilaban homiños grises, pero ben capaces de cometer actos da maior crueldade. E, desnazificados, retornaban ás vidas de bos, anónimos cidadáns. Sentado no fondo da sala, H. Kruger non era quen de distinguir fiscais de acusados, xente que mirou con sorpresa o ascenso nazi. Sen eles, o nazismo non tería realizado a súa infamia. Esa ideoloxía tóxica, filla do fascismo, credo maldito que prometía o *walhalla* e acabou creando o inferno.

Nada hai no libro de aparato excesivo, cruces gamadas, desfiles con fachos. Polas páxinas desfilan sensatos traballadores abducidos, cidadáns seducidos por un mesías diabólico. Envelenados de resentimento nacionalista e delirios de grandeza. Lúcida radiografía dunha clase social inocua, sen maldade consciente, protagonistas pasivos da infamia.

Hannah Arendt resumiu aquela barbarie en tres palabras, banalidade do mal. Horst Kruger, nun libro, de desasosogante actualidade hoxe, *La casa herida*.

Juan Antonio Pinto Antón

LA CASA HERIDA

Horst Krüger

Siruela Nuevos Tiempos



Pingas de orballo

Baldomero Iglesias (Mero)

TRIMIA

Darío Xohán Cabana, amigo da /-alma e camarada!



Hai xa moitos anos, a principios ou mediados dos setenta do século pasado, cantaba na miña fráxil voz aqueles versos de Darío que se titulaban “Canción pra escribir mañá”, daquela en Fuxan os Ventos e sobre música de A. Campelo, que dicían, entre outras voces de fríos ventos: *“Dixéronme de neno cando era namais que vento e fume dado ao vento, sen sempre unha alma pura un sentimento de rosas e de estrelas, primaveira”*.

Darío foi sempre un gran poeta. Na súa orixe chairega viñeira para Lugo, capital de estudo e instituto. Tratábase de ir un pouco máis alá da aprendizaxe da escola. El viña de Cospeito, en concreto de Roás; e eu viñeira de Vilalba, a dona da Chaira, como lle chamaba Manuel María. Todos viñamos á capital abrir algo de horizontes. Xa na cidade, atopámonos no espertar á vida, nos desexos de trocar un mundo sen cores que nos tocara e nos afogaba, negado, para pór algo con máis de cor nos ilusorios ollos das imaxes. Uns e unhas facendo versos, cine, folgas, cursos

de actualización e dinamización da conciencia, músicas, esperanzas, calor da loita incipiente, un fervedoiro de ilusións emocionadas. Pero por riba de escritor e poeta, foi amigo, amigo fiel, que non son moitos. E, por suposto, aquela relación de amizade duraría a vida enteira. Viñemos e coñecémonos, soubemos de nós por debaixo de mil silencios conspirados, libros agachados, conversas en festa e paseos tamén con Uxío, Trapero, Cunqueiro, Pimentel, Fole, Orestes, Enriqueta..., que eran algo maiores ca nos.

Mais, tal e como anunciaba a cantiga, no medio da insistencia do vento seguía a zoar: *...Uns anos despois, ao*

**Sabiamos da longa
noite, da espesa
espera entre
pedras e lousas do
silencio**

ser o inverno, nun bosque escomezado a abrirse á vida, dixéronme “Neno, a vida éche moi dura moi sufrida, despois da primaveira, vén o inverno!”.

Aquel inverno que nos facía xuntar tanta xente entre desexos comúns, en soños que un día terían de ser reais, certos diante dos ollos. E non daban chegado. Conspirabamos, a pesar dos silencios “negacionistas” e de tanta limitación e censura, de tanta cautela e metáfora, mesmo disimulo. Nós tiñamos unha esperanza firme, a de ser, a de demostrar a dignidade da orixe, da lingua nosa. Queríamos amosarnos ao mundo sendo quen eramos, falando nesta lingua tan prohibida e negada. Catro tolas e tolos, catro, na ousadía de querer falar, escribir, cantar e soñar a liberdade. Mais, no medio do compromiso, sempre estaba Darío para axudar, para reconfortarnos. A censura andaba detrás, pisándonos para esmagar. Multas, negacións de concertos, de festivais, de proxeccións. Estabamos a confrontar a dura realidade. Cada pouco aparecía máis xente que

Pingas de orballo

Darío Xohán Cabana, amigo da /-alma e camarada!

se xuntaba, comezabamos a ser un grupo xeitoso. Amizades comúns como Fiz Vergara Vilariño, Marica Campo, Alfonso de Xermolos, Celso E. Ferreiro, Suso Vaamonde, Mingos e Parrado de Melide, Paco Martín, Luz Pozo, Luz Galocha, Morgan, Celeiro, Xabier Docompo, Ferrín, Agustín F. Paz, O Mago Antón, Mariña, o noso Manuel María e centos de persoas máis, que nos alumiñaban versos e alentos. Como non, o Darío a carón, abondando posibles verbas para causas perdidas, ...ou non tan perdidas.

Pasaba lentamente o tempo. Zoaban de novo os ventos do seu e xa tamén o meu cantar, porque o fixen meu, naquelas verbas: *"Agora pola Terra camiñando, loitando coa vida, en contra da vida, non ollo máis que pranto e xeada, ...ninguén me dice nada, ningúen me dice nada, ...dice nada, ...dice nada!"*. Sabiamos da longa noite, da espesa espera entre pedras e lousas do silencio! Tempos de pouca cor, mais estabamos xuntos e iso era unha forza que non daba para o desespero. Sempre con Darío, a pesar das tantas dificultades, Darío estaba! Moitos foron os que non o entenderon ou non quixeron entendelo. Darío era firme e fiel coma un penedo, non precisaba de explicacións, miraba nos ollos e entendía perfectamente. Nada que explicar.

"Vou andando silandeiro, pola chaga compartida, por que non me din nada?"

Por que non me din nada, ...me din nada, ...me din nada? Ninguén dicía nada. Por que? Tantas preguntas nos fixemos, tanto amañamos o mundo e, no en tanto, fóisenos a vida agardando, como a Penélope, na esperanza e nos versos dun mañá que non dá chegado. Darío hoxe habita xa lugares da nostalxia. Onde queira que estea, sempre o botaremos en falta, imperecedoiro na memoria dos que soñamos con el a dignidade, das e dos que o quixemos e queremos, que acudimos a el para fortalecer no seu exemplo. Si, porque el nos cantou a esperanza de vencer, tamén desde a metáfora, os tres galgos da noite que daquela ondeaban nos pazos e palacios. Somos nós o lobo que nunha noite de séculos que vencerá nun recanto de luces e acabará cos finos galgos de tres "zar-pazos".

Quen non o coñeceu ao Darío, que volva sobre el polo moito que nos agasallou en traducións, relatos, versos. Veredes aquel meu amigo íntegro que acabo de relatar entre lembranzas. Védeo e escoitádeo metido nos versos da cantiga de amor que temos na Quenlla, "Por amor", na que as verbas aloumiñan corpos do desexo e destecen as utopías de sons, ecos de harmonías, Patria e Matria liberadas. Vai coa miña profunda admiración e agradecida memoria por quen en verdade sei, será un ronsel de luz!

Darío era firme
e fiel coma un
penedo, non
precisaba de
explicacións,
miraba nos
ollos e entendía
perfectamente

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuñía, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedrón, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Balañas Vidal.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscripcións: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

UN HUMANISMO RADICAL

Un dos problemas máis angustioso na cultura mundial hoxe en día é a falta de humanidade. Non miramos aos lados para ver o outro coas súas dores, procura e necesidades. Consideremos como son tratados os emigrantes de Oriente Medio e de África que buscan a Europa por causa de guerras e da fame. Son rexeitados e fixeron do Mediterráneo un verdadeiro cemiterio. O mesmo destino trágico sofren os milleiros de centroamericanos que buscan atravesar as fronteiras de Estados Unidos. A maioría é rexeitada, algúns morren e os nenos son postos en gaiolas, coma se fosen pequenos animais fementos.

Tal vez non poidamos facer moito, pero ás veces basta unha mirada compasiva, unha palabra de consolo, un sorriso verdadeiro, un toque na pel do outro para comunicarlle que somos irmáns e irmás, expresións da mesma humanidade.

Neste contexto rescatamos o mellor que o mundo xa xestou: o Fillo do Home que se revelou como a presenza humana de Deus entre os humanos: Xesús de Nazaret.

Máis que entregarnos verdades, Xesús ensinounos a vivir os valores que daban corpo ao seu gran soño, o Reino de Deus, un reino de amor incondicional, de solidariedade ilimitada, de compaixón, de servizo aos máis humillados e ofendidos e de apertura total a Deus-Abba (“papá”, como el o chamaba).

Estaba sempre á beira daqueles que tiñan menos vida, os leprosos, os cegos, os psicolóxicamente afectados (na linguaxe da época, os posuídos do demo), os enfermos e ata os mortos. El mesmo dixo: “vin traer vida e vida en



abundancia” (Jn 10,10). Por opoñerse ao tipo de relixión da época, ritualista e farisaica, e por revelar unha nova cara de Deus, de infinita misericordia e perdón, amando a todos, “ata aos ingratos e malos” (Lc 6,36), crucifícarono fóra da cidade, símbolo de rexeitamento absoluto. Deixou dito algo extremadamente consolador: “Se alguén vén a min, non lle direi que marche” (Jn 6,37). Podía ser unha adúltera, un herexe, xente de mala fama: a todos acollía e saían consolados.

El mostrou unha humanidade radical, ata o punto de que os apóstolos e discípulos, considerando que “pasou pola vida facendo o ben” (Mc 7,37) e que vencera a morte pola súa resurrección, non sabendo como definilo, acabaron dicindo: Humano así, como Xesús, só Deus mesmo. E empezaron a chamalo Fillo de Deus e Deus na nosa carne quente e mortal.

O seu humanismo radical botou raíces profundas na humanidade. Ese humanismo universal e sen ningunha discriminación poderá devolvernosa a nosa humanidade, cuberta de cinzas polo individualismo, polo egoísmo, pola insensibilidade, pola falta de compaixón e pola ausencia de coidado duns a outros, á nosa Nai Terra e aos seres que viven nela.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Á luz do Fachineiro

Desta volta temos máis nostalxia ca nunca, se cabe. Alá vai o verán, parece que aquilo de “O final do verán chegou...” nos aperta máis o peito ca nunca. Estamos nostáxicas porque se nos desmonta a casa polos pés. O autor do Fachineiro, por fodidas circunstancias da vida, sendo politicamente correctas, plantou o choio. Augurámoslle un futuro breve a este tellado sen quen nos entre unha raioliña de sol por ese fachineiro..., a ver canto tempo nos dámos mantido con relativa estabilidade...

Ese Fachineiro pechado esfuracou a nosa produción, esburacouna, afuracouna, furouna..., como digades vós. Con moito xeitiño, iremos trampeando. O caso é que para saír dela imos ter que tirar daquel conto de que “San Xosé era carpinteiro e como era carpinteiro, tamén facía confesionarios, así que hoxe imos falar do sacramento da confesión..”. E falando de fachineiros, contounos estoutro día Valentín de Currás que cando el era neno, para iren aos sitios de noite, como non había luz eléctrica, levaban unha **facha**. Isto era unha presada de palla envolta, de trigo ou de centeo, atada en redondo, cunha lonxitude proporcional á distancia que tivesen que percorrer; poñíanlle lume na punta e ala, a andar! Delia escoitaba e dixo que eles que lle chamaban **fachuco**. E cando a distancia que había que percorrer era curta, botaban man dun tizón; íano movendo para que alumase máis e entón soltaba aquelas charetas e era todo unha risa. Tamén había os fachos, que eran moito máis grandes.

E despois xa veu o petróleo, o gas, e xa se pasou á luz de gas: había un candil de latón, que o facían os latoeiros, metíanlle unha torcida (un anaco dunha tea vella retorcida), que se queimaba e alumaba. Para que o candil alumase o lugar no que estaban, colgábano no **mozo do candil**, que era

un pau espetado nun pé de madeira furado cun trade, de por aí un metro de altura, cunha punta na parte máis alta, para poder colgar alí o candil.

E tamén nos falou da luz de carburo e de cando xa viñeron os alternadores, que eran coma os grupos electrógenos de hoxe!

O caso é que, así coma quen non quere a cousa, chegamos á altura do Fachineiro. Ese caldelo, esa lanceira, esa raioliña de luz que entrou, que se filtrou polo fachineiro aberto para sempre, foi a que nos alentou para poñer hoxe o punto final.

Se por ben é, verémonos na carballreira de Santa Minia, en Brión.

